

Consello de Contas
de Galicia



**INFORME SOBRE AS CONTAS RENDIDAS
NO ANO 2016 CORRESPONDENTES AO
EXERCICIO 2015**

ÍNDICE

I. INTRODUCCIÓN	5
II. A RENDIÇÃO DO PARLAMENTO DE GALICIA.....	6
III. A RENDIÇÃO DE CONTAS DA ADMINISTRAÇÃO XERAL E AS SÚAS ENTIDADES DEPENDENTES	6
III.1. ORGANISMOS AUTÓNOMOS E ENTIDADES DE CONSULTA	7
III.2. AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS.....	9
III.3. ENTIDADES PÚBLICAS EMPRESARIAIS	10
III.4. CONSORCIOS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO	11
III.5. SOCIEDADES MERCANTÍS PÚBLICAS.....	13
III.6. FUNDACIÓNS PÚBLICAS AUTONÓMICAS.....	15
IV. A RENDIÇÃO DAS CONTAS DAS UNIVERSIDADES PÚBLICAS E OS SEUS ENTES DEPENDENTES	16
V. A RENDIÇÃO DAS CONTAS DAS RESTANTES ENTIDADES	18
V.1. CÁMARAS DE COMERCIO	18
V.2. CONFRARÍAS DE PESCADORES.....	19
V.3. OUTRAS ENTIDADES	21
VI. ANEXO DAS CONTAS RENDIDAS	21

Informe sobre contas rendidas en 2016 correspondentes ao exercicio 2015

ÍNDICE DE CADROS

Cadro 1. Relación de organismos autónomos e entidades de consulta	8
Cadro 2. Relación de axencias públicas autonómicas	9
Cadro 3. Relación de entidades públicas empresariais	10
Cadro 4. Relación de consorcios autonómicos	11
Cadro 5. Relación de sociedades mercantís públicas	13
Cadro 6. Relación de fundacións públicas.....	15
Cadro 7. Relación de universidades e entes dependentes.....	16
Cadro 8. Relación de cámaras.....	18
Cadro 9. Relación de confrarías.....	19

I. INTRODUCCIÓN

A Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía para Galicia outorga ao Consello de Contas de Galicia as competencias para a fiscalización das contas do sector público da Comunidade Autónoma. Esta competencia implica a obriga das entidades que compoñen o referido sector público de render as súas contas a esta institución.

O artigo 53.2 do Estatuto de Autonomía para Galicia dispuxo a creación do Consello de Contas de Galicia remitindo a unha Lei de Galicia que establecese as garantías, normas e procedementos para asegurar a rendición das contas da Comunidade Autónoma e que debería someterse á aprobación do Parlamento. Este mandato estatutario cumpriuse coa aprobación da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas.

Este informe ten por obxecto a análise da rendición das contas anuais do exercicio 2015 ao Consello de Contas por parte das seguintes entidades sometidas a esta obriga:

1. O Parlamento de Galicia
2. A Administración xeral e os seus entes dependentes:
 - a) Entidades públicas instrumentais:
 - Organismos autónomos e entidades de consulta ou asesoramento
 - Axencias públicas autonómicas
 - Entidades públicas empresariais
 - Consorcios autonómicos
 - b) Outras entidades instrumentais:
 - Sociedades mercantís públicas autonómicas
 - Fundacións públicas autonómicas
3. As universidades públicas
4. As cámaras de comercio, confrarías de pescadores e outras de natureza equivalente.

Tamén están sometidos á obrigación de rendición anual de contas os entes que integran o sector público local, aínda que quedan fóra do ámbito deste informe xa que a análise do cumprimento da súa obrigación de render contas inclúese no informe anual sobre o devandito sector.

II. A RENDIÇÃO DO PARLAMENTO DE GALICIA

As contas xerais do Parlamento e do Valedor do Pobo do exercicio 2015 foron remitidas ao Consello de Contas o 30 de setembro de 2016 despois da súa aprobación pola Mesa do Parlamento.

III. A RENDIÇÃO DE CONTAS DA ADMINISTRACIÓN XERAL E AS SÚAS ENTIDADES DEPENDENTES

A Administración autonómica formará anualmente a Conta Xeral da Comunidade Autónoma que abarcará a totalidade das operacións económicas levadas a cabo durante o exercicio pola Administración e os seus entes dependentes.

A Lei 8/2015, do 7 de agosto, de reforma da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, e do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, para a prevención da corrupción, modifica o apartado 1 do artigo 121 deste último, que queda redactado como segue:

«1. A Conta Xeral da Comunidade Autónoma de cada ano remitirase, previo acordo do Consello da Xunta de Galicia, ao Consello de Contas e ao Tribunal de Cuentas, antes do 30 de setembro do ano seguinte ao que se refire.»

A Intervención Xeral rendeu a Conta Xeral do exercicio 2015 o 30 de setembro de 2016. Ademais da información relativa á Administración xeral da Comunidade Autónoma, inclúe as contas dos seguintes entes dependentes:

a) Entidades públicas instrumentais:

1. Organismos autónomos e entidades de consulta ou asesoramento.
2. Axencias públicas autonómicas.
3. Entidades públicas empresariais.
4. Consorcios autonómicos.

b) Outras entidades instrumentais:

1. Sociedades mercantís públicas autonómicas.
2. Fundacións públicas autonómicas.

A continuación analízase a rendición de contas das entidades dependentes, tomando como base os organismos que figuran no inventario de entidades dependentes das Comunidades Autónomas elaborado pola Intervención Xeral da Administración do Estado (INVENTE) excluídos os entes adscritos ao sector público estatal ou local. As entidades agrúpanse en función da súa forma xurídica e indicando, en cada caso, se as contas se integran na Conta Xeral formada pola Intervención Xeral da Xunta de Galicia; se a rendición se fai en prazo ou fóra de prazo; no seu caso os defectos da información rendida e, por último, se achegan informe de auditoría das contas.

III.1. ORGANISMOS AUTÓNOMOS E ENTIDADES DE CONSULTA

Segundo o artigo 68.1 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (LOFAXGA) os organismos autónomos son entidades públicas instrumentais cuxa organización e funcionamento se regula polo dereito administrativo e que poden exercer actividades de intervención, fomento, xestión de servizos públicos ou apoio á función administrativa en réxime de descentralización funcional.

As súas contas débense axustar ás disposicións do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia (PXCPG), aprobado por orde da Consellería de Economía e Facenda do 28 de novembro de 2001.

Como entidades equiparables aos organismos autónomos, na súa organización e funcionamento, sitúanse as entidades públicas de consulta ou asesoramento. Segundo a disposición adicional sexta da LOFAXGA terán esta consideración aquelas entidades ás que se lles atribúa expresamente por lei independencia funcional ou especial autonomía respecto da Xunta de Galicia. Rexeranse pola súa normativa específica nos aspectos precisos para garantir esa autonomía e polas disposicións relativas aos organismos autónomos nos demais extremos.

A pesar de que non se aprobou lei posterior á LOFAXGA que recoñeza expresamente ese carácter, existen dous organismos que encaixan nesta categoría: Consello Económico e Social e o Consello Galego de Relacións Laborais.

No seguinte cadro móstrase o estado de rendición de contas dos organismos autónomos.

Informe sobre contas rendidas en 2016 correspondentes ao exercicio 2015

Cadro1. Relación de organismos autónomos e entidades de consulta

Organismo	Datos da rendición					
	Integradas na Conta Xeral	En prazo	Fóra de prazo	Non rende	Defectos	Informe de auditoría
Academia Galega de Seguridade Pública	SI				Non inclúe Balance, Conta do Resultado Económico Patrimonial nin Memoria	Non dispoñible
Consello Galego da Competencia	SI				Non inclúe Memoria conforme o PXCPG sendo a información insuficiente	Non dispoñible
Escola Galega Administración Pública	SI				Non inclúe Memoria conforme o PXCPG sendo a información insuficiente	Non dispoñible
Fondo Galego de Garantía Agraria	SI				Non inclúe Memoria conforme o PXCPG sendo a información insuficiente	Non dispoñible
Instituto Galego de Consumo	SI				Non inclúe Memoria conforme o PXCPG sendo a información insuficiente	Non dispoñible
Instituto Galego de Estatística	SI				Non inclúe Memoria conforme o PXCPG sendo a información insuficiente	Non dispoñible
Instituto Galego Vivenda e Solo	SI				Non inclúe Memoria conforme o PXCPG sendo a información insuficiente	Non dispoñible
Instituto de Estudos do Territorio	SI				Non inclúe Memoria conforme o PXCPG sendo a información insuficiente	Non dispoñible
Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral	SI				Non inclúe Memoria conforme o PXCPG sendo a información insuficiente	Non dispoñible
Servizo Galego de Saúde	SI				Non inclúe Balance, Conta do Resultado Económico Patrimonial nin Memoria	Non dispoñible
Consello Económico e Social de Galicia	SI				Non inclúe Memoria conforme o PXCPG sendo a información insuficiente	Non dispoñible
Consello Galego de Relacións Laborais	SI				Non inclúe Memoria conforme o PXCPG sendo a información insuficiente	Non dispoñible

A información rendida polos organismos autónomos é incompleta e non se presenta con un grao razoable de homoxeneidade. En particular, cómpre efectuar as seguintes observacións en relación coa información contida no cadro anterior:

- a. O Servizo Galego de Saúde, a Academia Galega de Seguridade Pública de Galicia e o Instituto de Estudos do Territorio non achegan os estados financeiros previstos no PXCPG, limitándose a formular a liquidación dos seus orzamentos.
- b. A memoria dos organismos autónomos non se axusta á estrutura prevista no PXCPG e non inclúe todos os estados previstos nese documento contable sendo, con carácter xeral, a información rendida insuficiente.

III.2. AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

As axencias son entidades instrumentais de dereito público, personalidade xurídica pública, patrimonio propio e autonomía na súa xestión que son creadas polo Consello da Xunta para o cumprimento dos programas correspondentes ás políticas públicas que desenvolva a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia no ámbito das súas competencias (artigo 74.1 da LOFAXGA).

A LOFAXGA provocou un forte desenvolvemento do modelo de axencias, coa previsión de transformación de diversos entes en Axencias e a creación de novos organismos baixo esta tipoloxía xurídica.

No seguinte cadro móstrase o estado de rendición de contas das axencias públicas autonómicas.

Cadro 2. Relación de axencias públicas autonómicas

Axencia	Datos da rendición					
	Integradas na Conta Xeral	En prazo	Fóra de prazo	Non rende	Observacións	Informe de auditoría
Axencia de Turismo de Galicia	SI					Favorable
Axencia Galega das Industrias Culturais	SI					Favorable
Axencia Galega de Innovación	SI					Favorable con salvidades
Axencia Galega de Infraestruturas	SI					Non dispoñible
Axencia Tributaria de Galicia	SI					Favorable
Axencia Galega de Servizos Sociais	SI					Non dispoñible
Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia	SI					Favorable
Instituto Galego de Promoción Económica	SI					Favorable
Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable	SI					Non dispoñible
Instituto Enerxético de Galicia	SI					Non dispoñible
Axencia Galega de Desenvolvemento Rural	SI					Non dispoñible
Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño	SI					Favorable con salvidades
Instituto Galego de Calidade Alimentaria	SI					Non dispoñible
Axencia Galega de Emerxencias	SI					Non dispoñible

A pesar de que a LOFAXGA establece a obrigatoriedade de que as contas conten con informe de auditoría, este documento non figura en todas as contas rendidas.

III.3. ENTIDADES PÚBLICAS EMPRESARIAIS

Son entes de dereito público con personalidade xurídica propia que son creados por lei e que realizan actividades tanto administrativas como prestacionais (artigo 89.1 LOFAXGA). Dentro desta categoría podemos incluír dúas entidades: en primeiro lugar, Augas de Galicia que, sendo orixinalmente un organismo autónomo administrativo, transformouse en entidade pública empresarial; en segundo lugar, a LOFAXGA dispón a conversión de Portos de Galicia, que se consideraba un ente público, en entidade pública empresarial.

É necesario poñer de manifesto que a información rendida por estes entes non é homoxénea en canto ao plan contable aplicado e á estrutura e modelo seguidos.

No seguinte cadro móstrase o estado de rendición de contas das entidades públicas empresariais.

Cadro 3. Relación de entidades públicas empresariais

Entidade	Datos da rendición					
	Integradas na Conta Xeral	En prazo	Fóra de prazo	Non rende	Observacións	Informe de auditoría
Portos de Galicia	SI					Favorable con salvidades
Augas de Galicia	SI					Favorable con salvidades

Cómpre sinalar que a Lei 9/2011, do 9 de novembro, de medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia creou a Corporación Radio Televisión de Galicia S.A. como sociedade mercantil, que asumiu as competencias e o patrimonio da Compañía e das súas sociedades dependentes (TVG, S.A. e RTVG, S.A.). O Decreto 177/2015, do 3 de decembro, extingue a entidade de dereito público Compañía Radio Televisión de Galicia, pasando a integrarse os seus activos e pasivos en Televisión de Galicia, S.A. designada como Corporación Radio Televisión de Galicia, S.A. que comezan a exercer a súa actividade o 1 de xaneiro de 2016. Como consecuencia do anterior, as contas da Compañía Radio Televisión de Galicia integráronse nas da sociedade mercantil mencionada.

III.4. CONSORCIOS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

Teñen tal consideración aqueles consorcios en que a Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, directamente ou a través das entidades instrumentais, achega maioritariamente os medios necesarios para a súa constitución e funcionamento ou nos que se comprometeu, no momento da súa constitución, a financiarlos maioritariamente, sempre que a actuación dos seus órganos de dirección e goberno estea suxeita ao poder de decisión da Administración xeral da Comunidade Autónoma ou dunha das súas entidades instrumentais (artigo 95.1 da LOFAXGA)

No seguinte cadro móstrase o estado de rendición de contas por parte dos consorcios autonómicos:

Cadro 4. Relación de consorcios autonómicos

Consortio	Datos da rendición					
	Integradas na Conta Xeral	En prazo	Fóra de prazo	Non rende	Observacións	Informe de auditoría
Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia	SI					Favorable
Consortio de Bibliotecas Universitarias de Galicia	SI					Favorable
Consortio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar	SI				Non inclúe Memoria conforme o PXCPG sendo a información insuficiente	Non dispoñible
Consortio Casco Vello de Vigo	SI					Non dispoñible
Consortio Oncolóxico de Galicia	NON					Non dispoñible
Centro Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental Galicia	SI				Non inclúe Balance, Conta do Resultado Económico Patrimonial nin Memoria	Non dispoñible
Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (APLU)	SI					Non dispoñible
Consortio Audiovisual de Galicia	NON					Non dispoñible
Consortio da xestión e explotación da rede básica de abastecemento de auga aos concellos de Cervo e Burela	SI					Non dispoñible
Consortio local de Os Peares	NON					Non dispoñible

En relación co cadro anterior cómpre efectuar as seguintes observacións:

1. A Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público obriga a incluír as contas dos consorcios na Conta Xeral da Administración de adscrición e a sometelas a informe de auditoría. Esta obriga non estaba vixente respecto das contas de 2015 observándose que a maior parte das contas non son obxecto de revisión auditora.
2. Na relación non se inclúen os consorcios con participación da Xunta de Galicia pero que estean adscritos á Administración do Estado ou a unha entidade local.
3. O Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento e o Consorcio Contra Incendios e de Salvamento da Comarca de Verín renden as súas contas por dous condutos: a Conta Xeral da Comunidade Autónoma e a plataforma de rendición de entidades locais.
4. En virtude do Decreto 71/2016, do 26 de maio, apróbanse os actos liquidatorios e procédese á disolución definitiva do Consorcio Audiovisual de Galicia. Este consorcio aínda estando en proceso de disolución, ten a obriga de render as súas contas ata a súa extinción definitiva.
5. Consta oficio do Consorcio local de Os Peares sobre a imposibilidade de gravar as contas na plataforma de rendición local polo que se remitiron en formato papel á Consellería de Facenda sen que tiveran entrada no Consello de Contas.
6. Os orzamentos de 2015 sinalan que o Consorcio Oncolóxico de Galicia non presenta actividade polo que non se inclúe no documento orzamentario. Na Conta Xeral rendida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma non hai ningunha referencia a este consorcio. Segundo consta en sucesivos informes anuais da Conta Xeral do Servizo Galego de Saúde, o Consorcio Oncolóxico de Galicia non ten iniciada a súa actividade polo que, nesa medida e de non posuír activos ou pasivos, non tería que render contas pero deberíase indicar esta motivación en tanto non se extinga a súa personalidade xurídica.

III.5. SOCIEDADES MERCANTÍS PÚBLICAS

Son sociedades mercantís públicas autonómicas aquelas nas que no seu capital sexa maioritaria a participación directa ou indirecta da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais reguladas pola Lei. Ademais adáptanse ao mesmo réxime xurídico aquelas sociedades mercantís nas que a Comunidade dispoña da maioría dos dereitos de voto ou teña dereito a nomear a maioría dos membros dos órganos de goberno (artigo 102.1 da LOFAXGA).

No seguinte cadro móstrase o estado de rendición de contas das sociedades públicas autonómicas.

Cadro 5. Relación de sociedades mercantís públicas

Sociedade	Datos da rendición					
	Integradas na Conta Xeral	En prazo	Fóra de prazo	Non rende	Observacións	Informe de auditoría
Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A.	SI					Favorable
Estación Inverno de Manzaneda, S.A.	NON					Non dispoñible
GALARIA Empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A.	SI					Favorable
Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A.	SI					Non dispoñible
Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo	SI					Favorable
Sociedade Galega Medio Ambiente, S.A.	SI					Favorable
Sociedade Galicia Calidade, S.A.	SI					Favorable
Sociedade Pública de Invetimentos Galicia, S.A.	SI					Favorable
Sociedade Redes Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.	SI					Favorable
SODIGA GALICIA, Sociedade de Capital-Risco	SI					Favorable
Sotavento Galicia, S.A.	NON					Non dispoñible
Televisión de Galicia, S.A.	SI					Favorable
Xenética Fontao, S.A.	SI					Non dispoñible
Xesgalicia, Xestión Entidades de Capital Risco, S.A. (SGEGRSA)	SI					Favorable
Xestión do Solo de Galicia-Xestur, S.A.	SI					Favorable
Xestión Centro Supercomputación de Galicia, S.A. (CESGA)	SI					Favorable
Turgalicia	NON					Non dispoñible

Cómpre efectuar as seguintes observacións con relación á información contida no cadro anterior:

1. A sociedade TURGALICIA non rende as súas contas. Este feito podería ter a súa orixe en que a sociedade se atopaba en 2015 nun proceso de extinción. Porén, esta circunstancia de ningún xeito anula o deber de render contas, xa que permanece a obriga de elaborar contabilidade e de informar sobre o resultado destes procesos. Como ten sinalado o Consello de Contas repetidamente, os feitos liquidatorios son de especial relevancia para coñecer o destino dos bens e dereitos da entidade extinguida. En sentido contrario, como boa práctica, cómpre salientar que a Sociedade de Supercomputación de Galicia (CESGA), que tamén se atopaba en proceso de liquidación en 2015, si rende as súas contas e mesmo, como corresponde, as formula sen aplicar o principio de empresa en funcionamento.

2. As sociedades Estación de Inverno de Manzaneda e Parque Eólico de Sotavento forman parte do sector público e teñen obriga de render contas, a pesar de que ningunha administración illadamente ostente o seu control. Nestas sociedades a participación da Comunidade Autónoma é inferior ao 50%. En calquera caso, son empresas con maioría pública conxunta, é dicir, onde un conxunto de administracións controlan a xestión e, polo tanto, deben ser consideradas sociedades públicas. Nestas dúas sociedades a Xunta de Galicia é o accionista principal polo que debería render as contas destas entidades e sometelas ao seu control.

3. Non renden contas os Fondos de Capital Risco xestionados por Xesgalicia, sociedade xestora das entidades de capital risco galegas. A participación patrimonial da Administración nestes fondos é maioritaria, motivo polo cal deben render contas para informar sobre o destino dos fondos públicos que xestionan.

III.6. FUNDACIÓNS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

Son aquelas nas que conorra algunha das seguintes circunstancias: a) sexan constituídas por achegas maioritarias da Administración xeral Comunidade Autónoma ou das súas entidades dependentes; b) o seu patrimonio fundacional con carácter de permanencia estea formado en máis dun 50% por bens ou dereitos achegados ou cedidos polas referidas entidades; c) sexan financiadas maioritariamente con cargo aos orzamentos da Comunidade Autónoma sempre que, neste caso, esta controle os órganos de goberno. (artigo 113.1 da LOFAXGA)

No seguinte cadro móstrase o estado de rendición de contas por parte das fundacións públicas autonómicas:

Cadro 6. Relación de fundacións públicas

Fundación	Datos da rendición					
	Integradas na Conta Xeral	En prazo	Fóra de prazo	Non rende	Observacións	Informe de auditoría
Fundación Centro de Transfusión de Galicia	SI					Favorable
Fundación Feiras e Exposicións de Ourense	SI					Favorable
Fundación Instituto Galego de Oftalmoloxía	SI					Favorable
Fundación Pública Cidade da Cultura de Galicia	SI					Favorable
Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia 061	SI					Favorable
Fundación Centro Galego de Artesanía e Deseño	SI					Favorable
Fundación Centro Tecnolóxico da Carne	SI					Favorable
Fundación Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia	SI					Favorable
Fundación Centro Tecnolóxico do Mar	SI					Favorable
Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada	SI					Non dispoñible
Fundación Deporte Galego	SI					Favorable
Fundación Feiras e Exposicións de Lugo	SI					Favorable con
Fundación Galega da Formación para o Traballo	SI					Non dispoñible
Fundación Galicia Europa	SI					Favorable
Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica	SI					Favorable
Fundación Pública Galega Para a Tutela de Persoas Adultas	SI					Non dispoñible
Fundación Semana Verde de Galicia	SI					Favorable
Instituto Feiral de Vigo	NON					Favorable
Fundación Pública. Escola Galega Administración Sanitaria	SI					Favorable
Fundación Rof Codina	SI					Non dispoñible
Instituto Feiral da Coruña	SI					Favorable
Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña	SI					Favorable
Fundación Pública Galega Camilo José Cela	SI					Favorable con
Fundación Sotavento Galicia	NON					Non dispoñible
Aquae Querquennae – Vía Nova	NON					Non dispoñible
Fundación Galicia Saúde	NON					Non dispoñible
Fundación Galicia - América	NON					Non dispoñible
Fundación Marco ¹	NON					Non dispoñible
Vigo Convention Bureau ²	NON					Non dispoñible

¹ O INVENTE inclúe como integrante do sector público autonómico a Fundación Marco que, ao noso xuízo, pertencen ao sector público local.

² O INVENTE inclúe como integrante do sector público autonómico a Fundación Vigo Convention Bureau que, ao noso xuízo, pertencen ao sector público local.

IV. A RENDIÇÃO DAS CONTAS DAS UNIVERSIDADES PÚBLICAS E OS SEUS ENTES DEPENDENTES

A Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, establece no seu artigo 81.5 a obriga de rendición das contas das universidades ante o órgano fiscalizador das contas da Comunidade Autónoma, sen prexuízo das competencias do Tribunal de Cuentas.

Para dar cumprimento a esta obriga as universidades da Coruña, Santiago e Vigo presentaron en prazo as súas contas.

No seguinte cadro relaciónase o estado de rendición das Universidades e as súas entidades dependentes:

Cadro 7. Relación de universidades e entes dependentes

Ente	Datos da rendición					
	Integradas na Conta Xeral	En prazo	Fóra de prazo	Non rende	Observacións	Informe de auditoría
Universidade de Santiago de Compostela	NON					Favorable
Universidade da Coruña	NON				Unicamente engade a liquidación dos presupostos e non aporta a contabilidade patrimonial nin memorias explicativas.	Non dispoñible
Universidade de Vigo	NON					Favorable
Sociedade Cursos Internacionais Universidade de Santiago de Compostela, S.A.	NON					Non dispoñible
Sociedade Cidade Universitaria, S.A.	NON					Favorable
Sociedade Cidade Tecnolóxica de Vigo	NON					Favorable
Sociedade Xestora de Intereses Universitarios de Santiago de Compostela	NON					Non dispoñible
Sociedade de Promoción de Iniciativas Innovadoras, S.L.	NON					Non dispoñible
UNINOVA S.L.	NON					Non dispoñible
Corporación Universidade da Coruña, S.L.	NON					Non dispoñible
Fundación Universidade da Coruña	NON					Non dispoñible
Fundación Universidade de Vigo	NON					Favorable
Fundación USC deportiva	NON					Non dispoñible
Instituto Tecnolóxico de Matemática Industrial	NON					Favorable
Consortio para o Desenvolvemento de Aplicación de Xestión Universitaria	NON					Non dispoñible
Fundación Gradient	NON					Non dispoñible
Fundación Dieta Atlántica	NON					Non dispoñible
Fundación Estudos Eurorrexionais Galicia-Norte de Portugal	NON					Non dispoñible

En relación coa información contable das universidades cómpre efectuar dúas salvidades:

1. A Universidade da Coruña so achega o estado da liquidación do orzamento, sen render os restantes estados que conforman as contas anuais e, polo tanto, non se pode considerar que a información rendida sexa completa e informe sobre a situación patrimonial e financeira da entidade.
2. Ademais das universidades e de acordo co artigo 84 da Lei orgánica 6/2001, os entes dependentes destas quedan sometidos á mesma obrigación de rendición das súas contas. A estes efectos, serán entes dependentes das universidades aqueles nos que teñan participación maioritaria no seu capital ou fondo patrimonial equivalente. Nos entes dependentes é elevado o grao de non rendición de contas, destacando que si renden contas as entidades dependentes da Universidade de Vigo.

V. A RENDIÇÃO DAS CONTAS DAS RESTANTES ENTIDADES

V.1. CÁMARAS DE COMERCIO

No seguinte cadro móstrase o cumprimento da obrigaçión de rendición de contas das cámaras de comercio que renderon as súas contas:

Cadro 8. Relación de cámaras

Cámara	En prazo	Fóra de prazo	Non rende	Informe de auditoría
A Coruña				Favorable
Ourense				Favorable
Pontevedra				Favorable
Santiago				Favorable
Tui				Favorable
Vigo				Favorable
Vilagarcía de Arousa				Favorable
Consello Galego de Cámaras				Favorable
Ferrol				Non dispoñible
Lugo				Non dispoñible

En relación coas contas non rendidas, é preciso sinalar que por Resolución do 11 de xaneiro de 2016 da Dirección Xeral de Comercio, acórdase o inicio da fase de liquidación da Cámara Oficial de Comercio, Industria e Navegación de Ferrol mais, como dixemos, as entidades en liquidación seguen tendo a obriga de render contas.

V.2. CONFRARÍAS DE PESCADORES

No seguinte cadro móstrase o cumprimento da obriga de rendición de contas das confrarías de pescadores e das federacións provinciais das confrarías que renderon as súas contas:

Cadro 9. Relación de confrarías

Confraría	En prazo	Fóra de prazo	Non rende	Informe de auditoría
CORUÑA A				
Aguiño-Carreira				Non dispoñible
Ares				Non dispoñible
Barallobre-Fene				Non dispoñible
Barqueiro O-Bares				Non dispoñible
Cabo de Cruz				Non dispoñible
Caión				Non dispoñible
Camariñas				Non dispoñible
Camelle				Non dispoñible
Cariño				Non dispoñible
Cedeira				Non dispoñible
Corcubión				Non dispoñible
Corme				Non dispoñible
Coruña A				Non dispoñible
Espasante				Non dispoñible
Ferrol				Non dispoñible
Fisterra				Non dispoñible
Laxe				Non dispoñible
Lira-Carnota				Non dispoñible
Lorbé				Non dispoñible
Malpica				Non dispoñible
Mera				Non dispoñible
Miño				Non dispoñible
Mugardos				Non dispoñible
Muros				Non dispoñible
Muxía				Non dispoñible
Noia				Non dispoñible
Palmeira				Non dispoñible
Pindo O-Carnota				Non dispoñible
Pobra do Caramiñal				Non dispoñible
Pontedeume				Non dispoñible
Porto Son				Non dispoñible
Portosín				Non dispoñible
Rianxo				Non dispoñible
Ribeira				Non dispoñible
Sada				Non dispoñible

Informe sobre contas rendidas en 2016 correspondentes ao exercicio 2015

Confraría	En prazo	Fóra de prazo	Non rende	Informe de auditoría
Federación Galega de Confrarías				Non dispoñible
Federación Provincial A Coruña				Non dispoñible

Confraría	En prazo	Fóra de prazo	Non rende	Informe de auditoría
LUGO				
Burela				Non dispoñible
Celeiro				Favorable
Foz				Non dispoñible
Ribadeo				Non dispoñible
San Cibrao				Non dispoñible
Vicedo O				Non dispoñible
Federación Provincial Lugo				Non dispoñible
PONTEVEDRA				
Aldán-Hio				Non dispoñible
Arcade				Non dispoñible
Baiona				Non dispoñible
Bueu				Non dispoñible
Cambados				Non dispoñible
Campelo Lonxa A.I.E. (Poio)				Non dispoñible
Cangas do Morrazo				Non dispoñible
Carril				Non dispoñible
Grove O				Non dispoñible
Garda A				Non dispoñible
Illa de Arousa				Non dispoñible
Lourizán				Non dispoñible
Marín				Non dispoñible
Moaña				Non dispoñible
Pontevedra				Non dispoñible
Portonovo				Non dispoñible
Raxó-Poio				Non dispoñible
Redondela				Non dispoñible
Sanxenxo				Non dispoñible
Vigo				Non dispoñible
Vilaboa				Non dispoñible

Confraría	En prazo	Fóra de prazo	Non rende	Informe de auditoría
Vilanova				Non dispoñible
Vilaxoan				Non dispoñible
Federación Provincial Pontevedra				Non dispoñible

V.3. OUTRAS ENTIDADES

Por outra banda, renderon en prazo as contas ao Consello de Contas as seguintes entidades que non son encuadrables en ningún das epígrafes anteriores:

1. Cámara Oficial Mineira de Galicia
2. Fundación Amigos de Galicia

Respecto doutras entidades sometidas á obriga de rendición é necesario sinalar que non foron rendidas as contas dos Consellos Reguladores das denominacións xeográficas do sector alimentario que teñen a consideración de corporacións de dereito público sometidas ao control do Consello de Contas.

VI. ANEXO DAS CONTAS RENDIDAS

Na dirección electrónica <http://www.ccontasgalicia.es/>, atópase un resumo das contas rendidas en 2016 correspondentes ao exercicio 2015.